

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10025 *Lei orgánica 1/2016, do 31 de outubro, de reforma da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

A estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira artículanse, segundo a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a través de principios como, entre outros, a plurianualidade da planificación orzamentaria, compatible co principio de anualidade da aprobación e execución dos orzamentos, e a transparencia para verificar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e dos requirimentos acordados na normativa europea.

A aprobación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública é unha parte intrínseca e fundamental do proceso orzamentario. A súa aprobación faise cun horizonte de medio prazo, como expresión do principio de plurianualidade da acción orzamentaria e como instrumento da planificación da política fiscal. Dentro do principio de anualidade do orzamento, por tanto, os obxectivos convértense en garantes da aplicación práctica do carácter plurianual da planificación fiscal dun goberno.

II

Con data do 15 de xullo de 2015 publicáronse no «Boletín Oficial de las Cortes Generales» os obxectivos de estabilidade orzamentaria para o período 2016-2018, estes estarán vixentes tanto para o ano en curso como para os dous vindeiros exercicios, 2017 e 2018. Estes obxectivos eran coherentes coa senda de consolidación fiscal fixada polo Consello da Unión Europea en 2013.

Posteriormente, o 2 de agosto de 2016, o Consello da Unión Europea decidiu, no marco do procedemento de déficit excesivo, unha revisión da senda, e fixou os obxectivos de déficit no 4,6%, 3,1% e 2,2% para os anos 2016, 2017 e 2018, respectivamente.

Precísase unha revisión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para adecualos á nova decisión do Consello da Unión Europea.

III

O artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece que, no primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que, posteriormente, se someterán ao Pleno do Congreso e do Senado para a súa aprobación. Segundo prevé o artigo 15 da mencionada lei orgánica, o acordo do Consello de Ministros incluírá o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado.

O actual Goberno encóntrase en funcións desde a celebración das eleccións do 20 de decembro de 2015, situación que suxeita a actuación do Goberno a certos límites, previstos no artigo 21 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Dun lado, debe limitar a súa xestión ao despacho ordinario dos asuntos públicos, salvo casos de urxencia debidamente acreditados ou por razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique; e, en segundo lugar, o Goberno en funcións non pode aprobar o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado. Esta imposibilidade conduce á prórroga dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, de non se aprobar por iniciativa dun novo Goberno antes do primeiro día do exercicio económico correspondente un orzamento. O Goberno en funcións non pode aprobar un proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado nin, por tanto, o límite de gasto non financeiro, no sentido previsto no artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A presente lei orgánica, que introduce unha nova disposición adicional sétima na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, apróbase co fin de permitir a revisión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, para adaptalos ás decisións do Consello da Unión Europea, cando un goberno se encontre en funcións segundo o previsto no artigo 101.2 da Constitución e non se producise a aprobación do límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

Inclúese unha nova disposición adicional sétima na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Regras para establecer os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de administracións públicas por un goberno en funcións.*

Cando, como consecuencia dunha decisión da Unión Europea, cumpra revisar os obxectivos xa fixados e o Goberno se encontre en funcións, de conformidade co previsto no artigo 101.2 da Constitución, este poderá adoptar o acordo a que se refire o número 1 do artigo 15 desta lei. Neste caso, o dito acordo non incluírá o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado a que se refire o seu artigo 30.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da disposición adicional quinta da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2016, modifícase a disposición adicional quinta da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional quinta. *Incidencia do réxime económico fiscal de Canarias e da bonificación por rendas obtidas en Ceuta ou Melilla no cálculo dos pagamentos fraccionados.*

1. Para os efectos do disposto no número 3 do artigo 40 desta lei, poderase reducir da base imponible o importe da reserva para investimentos en Canarias, regulada no artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, que se prevexa realizar, rateada en cada un dos períodos dos 3, 9 ou 11 primeiros meses do período impositivo e co límite máximo do 90 por cento da base imponible de cada un deles.

Se o importe da reserva que efectivamente se dote for inferior en máis dun 20 por cento do importe da redución na base imponible realizada para calcular a contía de cada un dos pagamentos fraccionados elevados ao ano, a entidade estará obrigada a regularizar os ditos pagamentos pola diferenza entre a previsión inicial e a dotación efectiva, sen prexuízo da liquidación dos xuros e recargas que, se é o caso, resulten procedentes.

2. Para efectos do disposto na letra a) do número 1 da disposición adicional décimo cuarta desta lei, o resultado positivo alí referido minorarase no importe da reserva para investimentos en Canarias que se prevexa realizar de acordo co establecido no número anterior.

Así mesmo, ese resultado positivo minorarase no 50 por cento dos rendementos que teñan dereito á bonificación prevista no artigo 26 da Lei 19/1994.

3. No caso de entidades que apliquen o réxime fiscal da Zona Especial Canaria, regulado no título V da Lei 19/1994, para os efectos do disposto na letra a) da disposición adicional décimo cuarta desta lei, non se computará aquela parte do resultado positivo que se corresponda coa porcentaxe sinalada no número 4 do artigo 44 da Lei 19/1994, salvo que sexa conveniente aplicar o disposto na letra b) do número 6 do dito artigo, caso en que o resultado positivo que se compute minorará no importe que resulte de aplicar o disposto nesa letra.

4. Para os efectos do disposto na letra a) do número 1 da disposición adicional décimo cuarta desta lei, o resultado positivo alí referido minorarase no 50 por cento daquela parte do resultado positivo que se corresponda con rendas que teñan dereito á bonificación prevista no artigo 33 desta lei.

5. O disposto nos números 2, 3 e 4 desta disposición resultará de aplicación aos pagamentos fraccionados cuxo prazo de declaración comezase a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 2/2016, do 30 de setembro, polo que se introducen medidas tributarias dirixidas á redución do déficit público.»

Disposición derradeira segunda. *Autorización para a formalización de garantías.*

A teor do establecido no artigo 111 e no capítulo V do título IV da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, en relación cos termos do contrato de crédito sindicado suscrito con data do 24 de xuño de 2009 e con novación do 10 de maio de 2016, a favor de Bilbao Ría 2000, S.A., autorízase a entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (Adif) e a Sepes Entidad Pública Empresarial de Suelo, para que formalicen as garantías correspondentes a través da subscrición das oportunas cartas de conformidade ou de patrocinio solicitadas polas entidades financeiras.

Igualmente, autorízase a entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (Adif) e a Sepes Entidad Pública Empresarial de Suelo para que asuman os compromisos plurianuais que aproben todos os socios de Bilbao Ría 2000 e realicen as achegas necesarias a favor da devandita entidade para materializar eses compromisos.

Do mesmo xeito, facúltase o Goberno para que, mediante real decreto, autorice as entidades públicas empresariais Renfe Operadora, Adif Alta Velocidad e Adif para a formalización de garantías a través da subscrición de cartas de conformidade ou de patrocinio solicitadas polas entidades financeiras en relación coas sociedades de integración do ferrocarril.

Disposición derradeira terceira. *Preceptos con carácter de lei ordinaria.*

As disposicións derradeiras primeira e segunda da presente lei teñen o carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 31 de outubro de 2016.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY